



Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaría Cameán

Canta na noite calada o Reiseñor (*Luscinia megarhynchos*)

Soaban acordes de cítara no celme da tépeda noite.

Na noite calada e mansa os ecos dun canto medraban.

Medran e envolven con salmos melódicos os dondos silencios.

Eses silencios da noite clara pregoan cánticos luscíneos.

Os luscíneos laios transforman a bóveda celeste en solfas solemnes.

Cal frautas máxicas espallan chuvieiriñas mozartianas pentatónicas, rítmicas, prístinas...

E... a Astriflamante, Reiseñora, baila ao son do seu Papaxeno cantor; escoitemos escoitade: canta o Reiseñor!!





Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaría Cameán

